

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2023

BASES

Disposicións xerais

1. Estas bases teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para concede-las subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència e igualdade para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio de Cambados.

2. As presentes bases apróbanse de acordo co disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 de 10 de novembro de 2004) e a normativa aplicable, especialmente a prevista na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

PRIMEIRA. OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

1.- A finalidade desta convocatoria é promover, fomentar e apoiar as asociacións, entidades e clubs deportivos na realización de actividades culturais, deportivas, asociativas, sociais, asistenciais e educativas durante o ano 2023. Búscase pois, diversificar a oferta de actividades a través do fortalecemento do tecido asociativo do municipio.

2.- As subvencións obxecto desta convocatoria divídense nas seguintes liñas, segundo as finalidades concretas a financiar:

- Transferencias a entidades benéfico-asistenciais: Van dirixidas a actuacións cuxos obxectivos sexan a mellora das condicións de vida dos colectivos vulnerables así como corrixir situacións de desvantaxe social.

- Transferencias para actividades complementarias de educación: Van dirixidas a fomentar as actividades complementarias de educación en xeral, mediante a colaboración co gasto nas actividades realizadas polas distintas asociacións do Concello (ANPAS) ao obxecto de facilitar e achegar as actividades complementarias a toda a poboación.

- Transferencias a entidades culturais: Teñen por obxecto financiar as actividades de promoción da cultura e a participación dos distintos colectivos poboacionais en tódolos ámbitos da vida social e cultural (actos folclóricos e



musicais, seminarios, excursións de contido cultural, cursos), co fin de fomentar a cultura popular e o arte.

- Transferencias ocio e tempo libre: Van dirixidas ó financiamento de actividades de fomento da actividade física e de lecer que desenvolvan as asociacións.

- Transferencias para festas populares: Teñen por obxecto financiar gastos correntes de festas populares que desenvolvan as asociacións.

- Transferencias a entidades deportivas: Teñen por obxecto fomentar o desenvolvemento das actividades deportivas no Municipio a través do financiamento de campionatos, eventos deportivos e actividades desenvoltas polos clubs deportivos.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1.- Son gastos subvencionables aqueles directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, debendo estar estas dentro do obxecto da convocatoria especificado para cada unha das liñas de subvención, e que se realicen no termo municipal de Cambados polas entidades previstas na base cuarta.

2.- Para as liñas “*Transferencias para actividades complementarias de educación*”, “*Transferencias a entidades culturais*” e “*Transferencias ocio e tempo libre*”, especifícanse como subvencionables as actividades que realicen as entidades previstas na base cuarta no termo municipal de Cambados ou, excepcionalmente, fóra deste, no caso de intercambios culturais, visitas educativas, ou actividades formativas en torno o patrimonio ou a cultura de Galicia, que se atopen dentro de alguna das seguintes:

- Cursos, charlas, obradoiros e calquera outra acción complementaria ás actividades ordinarias dos colectivos descritos no punto anterior.
- Publicacións de posta en valor da historia ou da memoria individual ou colectiva de Cambados.
- Publicacións, ou outro tipo de accións encamiñadas a recuperación do patrimonio local.
- Mostras culturais e etnográficas.
- Festivais musicais e de artes escénicas.
- As actividades do fomento do uso do galego.

Quedan excluídos e, polo tanto, non serán obxecto de subvención nestas liñas os seguintes conceptos:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello de Cambados.
- As actividades que contén con convenio de financiamento co Concello de Cambados, ou sexan coorganizadas polo mesmo.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios e os gastos de persoal da propia entidade.



- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.
- As actividades ordinarias que supoñan un custo para os membros da asociación.
- Os gastos gastronómicos, agás naqueles casos de intercambios culturais fora da Provincia de Pontevedra.
- Actividades que utilicen linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo no seu desenvolvemento.
- As actividades que promovan, ocasionen ou xustifiquen maltrato, tanto a persoas como a animais.
- Os gastos derivados da realización de actos confesionais.

3.- Para a liña “*Transferencias a entidades deportivas*”, especifícanse como subvencionables os gastos de seguros, arbitrxes, transportes, premios, vestiario, material deportivo e equipamento necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

4.- Especificamente quedan excluídos, isto é, non se consideran gastos subvencionables, os derivados de comidas por xuntanzas (agás nos supostos de transferencias para festas populares), e en xeral, gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos. Quedan expresamente excluídas así mesmo as actividades relativas á caza e tauromaquia.

4.- O período que se terá en conta para a realización das actividades será o exercicio económico do 2023, agás as relativas ás entidades deportivas, que será por tempada e a cuxo efecto poderá xustificarse a subvención con facturas que abranguen o período do 16 de novembro do 2022 ó 15 de novembro do 2023.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

1.- As contías previstas no Orzamento Municipal 2023 para esta convocatoria de subvencións e que representan o máximo de obrigas que se poden adquirir, son as consignadas nas seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2310.48900 - TRANSF. A ENTIDADES BENÉFICO-ASISTENCIAIS	27.000,00 €
3260.48900 - TRANSF. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EDUCACIÓN (ANPAS)	5.000,00 €
3340.48900 - TRANSF. A ENTIDADES CULTURAIAS	25.000,00 €
3370.48900 - TRANSFERENCIAS OCIO E TEMPO LIBRE	5.000,00 €



3380.48900 - TRANSF. FESTAS POPULARES	7.000,00 €
3410.48900 - TRANSF. A ENTIDADES DEPORTIVAS	80.000,00 €

2.- A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na base sétima e do número de solicitudes, non podendo ser o importe da subvención percibida individualmente por calquera das entidades superior a un 75% do orzamento do proxecto presentado.

3.- A subvención recibida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

CUARTA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter o seu domicilio social no termo municipal de Cambados e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións, ou non tendo o domicilio no termo municipal afecten dun modo directo a colectivos ou intereses deste Concello.
- Para ser beneficiaria das subvencións da liña “ *Transferencias a entidades deportivas*” a entidade debe ser un club deportivo adicado á práctica de deporte federado.
- Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio ou que afecten a colectivos deste Concello.
- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalguna das prohibicións para percibir subvencións recollidas na Lei.
- Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Cambados.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1.- As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cambados a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través de calquera das formas establecidas no artigo



16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. O citado artigo impón a mesma obriga a quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

2.- As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentaranse segundo modelo de solicitude (**Anexo I**) e anexos normalizados, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización (pódese cubrir o propio Anexo I.1 ou aportar memoria independente). No caso das subvencións a entidades deportivas deberá cubrirse asemade o Anexo I.2. No caso das subvencións a entidades benéfico-asistenciais deberá cubrirse asemade o Anexo I.3.

b) No caso de non estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal, deberán aportar xustificante estar rexistradas a nivel estatal ou autonómico e así mesmo deberán acreditar que desenvolven as súas actividades dentro do termo municipal.

c) Acreditación do representante da Asociación (Anexo II.1) e copia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada.

d) Copia do CIF da Asociación.

e) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II.2).

f) Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).

g) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

SEXTA.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As entidades interesadas poderán solicita-las subvencións no prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.



SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.- Tratándose de subvencions para actividades complementarias de educación, entidades culturais, ocio e tempo libre e festas populares, os criterios de valoración para a súa concesión e para a fixación da súa contía serán:

1. Interese que teña o proxecto presentado para o desenvolvemento do Concello (ata 10 puntos).
 2. Transcendencia e repercusión da actividade nos seguintes ámbitos xeográficos:
 - Local(10 pts),
 - Provincial(12 pts),
 - Autonómico(15 pts),
 - Nacional(18 pts)
 - Internacional (20 puntos).
 3. Número de cidadáns beneficiados (ata 10 puntos).
 4. A diversificación na programación de actividades (ata 10 puntos).
 5. Carácter periódico ou permanente das actividades (ata 5 puntos)
 6. Uso do galego no evento (ata 10 puntos)
- O Concello poderá requiririlles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

2.- No caso de subvencions a entidades deportivas, os criterios de reparto serán:

1. Nivel de actividade-competición (federada ou non federada e categoría na que participa) (ata 10 puntos).
2. Número de licenzas federativas e de equipos federados (ata 10 puntos).
3. Número de inscritos nas escolas deportivas (categorías de pre-benxamín ata júnior-xuvenil) (ata 10 puntos).
4. Ámbito xeográfico onde se desenvolve a actividade (distancia de desprazamentos) (ata 10 puntos).
5. Implicación financeira da entidade e número de socios (ata 5 puntos).
6. Promoción deportiva (aquelas entidades que organicen actividades ou competicións deportivas para promocionar o seu deporte) (ata 5 puntos).
7. Currículum deportivo da última temporada de cada asociación ou clube (ata 5 puntos).

3.- Para as subvencions a entidades benéfico-asistenciais, fíxanse os seguintes criterios de reparto:



1. Grao de adecuación da actividade ou proxecto ao obxecto da convocatoria e a súa relación co ámbito dos servizos sociais. (ata 5 puntos).
2. Tipoloxía do proxecto. (ata 10 puntos)
 - Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas das persoas e que se executan directamente con persoas en situación de risco/exclusión social.
 - Proxectos de inclusión con persoas en risco de exclusión social.
 - Proxectos para a realización de actividades socioculturais, actividades de difusión, concienciación, prevención, sensibilización, etc. para a poboación en xeral.
3. Ámbito xeográfico onde se desenvolve a actividade (ata 5 puntos).
Acadaran maior puntuación aqueles proxectos ou actividades que se desenvolvan no ámbito municipal do Concello de Cambados.
4. Numero de beneficiarios/as empadroados no Concello de Cambados (ata 10 puntos).
5. Presentación, contido e calidade técnica da memoria (ata 5 puntos).
Valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, a adecuación e a coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e necesidades da poboación destinataria, protocolos e indicadores de avaliación, recursos humanos, materiais e medios técnicos necesarios, a difusión e publicidade etc.,
6. Achega propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto (ata 5 puntos).
Adxudicaranse 0 (cero) puntos ás entidades solicitantes que ofrezan o financiamento propio inferior a un 10% do total da actividade, e un máximo de 10 puntos que se darán ás entidades solicitantes que oferten o maior nivel de cofinanciamento e que será en todo caso superior ao 10 %.
7. Temporalización do proxecto (número total de horas de sesións e/ou atención social ao ano) (ata 5 puntos).

OITAVA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

1.- O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, coas seguintes especialidades:
Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula quinta, as solicitudes de subvencións se distribuirán entre os responsables do departamento competente por razón dos fins a satisfacer coa subvención (culturais, sociais, deportivos, etc.....) os cales deberán comprobar que os solicitantes presentan correctamente tódolos documentos esixidos e compren as condicións



impostas para poder adquirir a condición de beneficiario.

2.- As solicitudes que incumpran os requisitos documentais sinalados no apartado cuarto destas bases, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a subsanación e mellora da solicitude: “Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que , nun prazo de dez días naturais subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución.”

3.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas emitirase Informe Proposta de concesión das subvencións, verificándose no mesmo que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e con determinación expresa da relación de solicitantes aos que se concede a subvención e a súa contía, así como das desestimacións e as súas causas.

4.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe-proposta de técnico municipal da Concellería competente.

5.- O outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local poderá revocalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso poderán ser invocadas como precedente.

6.- O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

7.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

NOVENA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS



Serán obrigas das entidades beneficiadas:

- a) Realiza-las actividades obxecto de subvención. Calquera cambio deberá ser comunicado previamente por escrito para poder ser admitido.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación por parte do concello e as de control financeiro que corresponde á Intervención municipal, así como facilita-la información que o Consello de Contas de Galicia lles requira.
- c) Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cambados.
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza dita concesión.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN

1.- A subvención que conceda o Concello de Cambados poderá financiar ata o 75% do custo da actividade subvencionada. Deste xeito, para poder percibir a totalidade da subvención, a entidade deberá xustificar o importe total orzamentado no proxecto presentado.

No caso de que se xustifique un gasto inferior á cantidade concedida, aboarase a parte proporcional da subvención.

2.- Ata o día 30 de novembro (inclusive), as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da conta polo importe da subvención concedida, segundo os formularios previstos, debendo acompañar a seguinte documentación:

- Instancia asinada polo Presidente da entidade e dirixida ó Ilmo Alcalde-Presidente do Concello de Cambados, na que se solicite o seu abono no número de conta corrente indicada na solicitude (Anexo III).
- Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o Anexo IV.
- Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, polo que acrediten o importe total do proxecto presentado, debendo estar expedidos ó nome da asociación e estar datadas no ano 2022 (agás nas deportivas que se admitirán as datadas do 16/11/2021 ó 15/11/2022). Non se admitirán recibís por gastos de desprazamento nin albaráns. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no regulamento de facturación, isto é, como mínimo deberán conter os seguintes requisitos:

Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.



Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.

Descrición do servizo ou subministro prestado.

Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.

En todas as facturas se deberá achegar xustificante de cargo bancario ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “pagado” e selo da empresa ou sinatura do representante da empresa que a expide).

- Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe correctamente xustificado co límite da subvención concedida. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada, con respecto ao orzamento inicial pormenorizado, que non poderá superar (por cada un dos conceptos) o 20%.
- Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo V.
- Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no Anexo VI.
- Memoria gráfica do evento realizado e tamén o cartel do mesmo.
- Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

3.- De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente, o Concello requirirá a asociación no prazo de 10 días naturais, para que subsane os defectos apreciados. Si transcorrido dito prazo, non se producira a subsanación requirida, tal feito ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia o impago da mesma.

UNDÉCIMA.- CONTROL DA SUBVENCIÓN

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei Xeral Presupostaria 47/2003, e demais normas concordantes, isto é, na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



ANEXO I.1

FORMULARIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN

Dn/Dona.....
 como representante do colectivo.....
 con N.I.F nº.....con domicilio a efecto de notificacións
 na rúa.....nº
 localidade.....C.P.....
 Teléfono/s.....
 Correo electrónico.....

Vistas e aceptadas as BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2023

SOLICITA A concesión dunha subvención por importe de € para o desenvolvemento da actividade de, encadrada na liña de subvención (*marcar cun X*):

ENTIDADES BENÉFICO-ASISTENCIAIS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EDUCACIÓN (ANPAS)	
A ENTIDADES CULTURAIAS	
OCIO E TEMPO LIBRE	
FESTAS POPULARES	
ENTIDADES DEPORTIVAS	

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Finalidade e características:
Persoas destinatarias:
Lugar:



Data prevista:

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

Custo total previsto:	
Contribución máxima prevista da Asociación/entidade (cotas socios...):	
Subvención solicitada ó Concello (máximo 75% do proxecto para o que se solicita a subvención)	
Subvencións solicitadas a outras Administracións	
Outras achegas previstas	

PARA O CAL SE ADXUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

1. Acreditación do representante da Asociación (Anexo II.1) e fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada.
2. Copia do CIF da Asociación.
3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II.2).
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).
5. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde/sa-Presidente do Ilmo. Concello de CAMBADOS.



ANEXO I.2 (PARA ENTIDADES DEPORTIVAS)

NOME DO CLUB:

EQUIPO	Nº EQUIPOS	Nº DE FICHAS	CATEGORIAS NAS QUE XOGAN
SENIOR MASCULINO			
SENIOR FEMININO			
JUNIOR/XUVENIL MASCULINO			
JUNIOR/XUVENIL FEMININO			
CADETE MASCULINO			
CADETE FEMININO			
INFANTIL MASCULINO			
INFANTIL FEMININO			
ALEVIN MASCULINO			
ALEVIN FEMININO			
BENXAMÍN MASCULINO			
BENXAMÍN FEMININO			
PRE-BENXAMÍN MASCULINO			
PRE-BENXAMÍN FEMININO			



ANEXO I.3 (PARA ENTIDADES BENEFICO ASISTENCIAIS)

1. ENTIDADE:
2. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/ ACTIVIDADE:
3. DATAS NAS QUE SE REALIZOU O PROXECTO/ ACTIVIDADE:
4. Nº DE PARTICIPANTES NO PROXECTO/ ACTIVIDADE:
5. FUNDAMENTACIÓN: (Extensión mínima 30 palabras)
6. RESUMEN DE LA ACTIVIDADE / PROXECTO : (Extensión mínima 30 palabras)
7. NÚMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS DA ACTIVIDADE, E PERFIL DAS MESMAS:
8. MEDIOS E RECURSOS UTILIZADOS (PERSOAIS E MATERIAIS):
9. OBXECTIVOS CONSEGUIDOS:



**10. AVALIACIÓN DO PROXECTO-
ACTIVIDADE:**

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.

En.....a.....de.....de 20.....
(Sinatura)



ANEXO II.1

MODELO ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D^a. _____ co
n D.N.I _____ en
calidade de Secretario da entidade
con C.I.F. _____

CERTIFICA:

Que _____ D./D^a.
_____ con D.N.I
_____ en calidade
de *(cargo que ostenta na Asociación)* _____ ostenta a
representación da entidade para solicitar perante ó Concello de Cambados a concesión
dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para entidades sen fin de lucro
do ano 20_____, e cumprimentar todos os trámites que sexan requiridos ó efecto.

E para que así conste, certifico en Cambados a _____ de _____
de 20_____.

O/A Secretario da Entidade

O/A Presidente da Entidade

(Sinatura)

(Sinatura)



ANEXO II.2

Dn./
Dona CO
mo representante da
entidadecon
NIF.....

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Que o presente Club deportivo/Asociación encontrase ó corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Cambados, e que non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

Cambados,..... dede 20.....

(Sinatura)



ANEXO III

SOLICITUDE DE ABONO DE SUBVENCIÓN

Dn/Dona.....como representante do colectivo.....con N.I.F nº..... teléfono.....correo electrónico.....FAX

EXPÓN: Que me foi concedida unha subvención polo Concello de Cambados por importe de €, para o desenvolvemento da actividade de

Para a súa xustificación, apórtase a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o Anexo IV.
1. Facturas dos gastos efectuados. Con todas as facturas se achega **xustificante do cargo bancario ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada** (palabra específica “**pagado**” ou “**recibín**” e selo da empresa ou **sinatura** do representante da empresa que a expide).
2. Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo V.
3. Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no Anexo VI.
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da subvención concedida, debendo facerse o seu ingreso na conta bancaria indicada na solicitude.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde/sa-Presidente do Concello de Cambados.



ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		D.N.I.:	
Representante da Entidade		C.I.F.:	

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa (Anexo...) se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
1. Que a actividade subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
3. Que os ingresos obtidos para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
4. Que esta entidade ten solicitada, concedida e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Cambados.

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€

Marcar cun X no recadro no caso de non ter solicitado ningunha subvención para o desenvolvemento do proxecto

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)



**ANEXO VI
MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE**

ENTIDADE:		
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:		
Nº DE USUARIOS/BENEFICIARIOS:		
DATA DE INICIO:	DATA DE REMATE:	
RESUMO ECONÓMICO	TOTAL GASTOS:	€
	TOTAL INGRESOS:	€
FONTES DE FINANCIAMENTO	Subvención municipal:	€
	Xunta:	€
	Deputación:	€
	Socios:	€
	Donativos:	€
	Recadación veciñal:	€
	Outros (especificar cales):	€
OBXECTIVOS PREVISTOS:		
OBXECTIVOS ACADADOS:		

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.



En.....a.....de.....de 20.....
(Sinatura)

